

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 2 DE MAIO DE 2023

SEÑORES/A ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dous de maio de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as

dez horas cincuenta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 27 de abril de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DAS BASES DA INICIATIVA “RODEIRO DE TAPAS. X XORNADAS DE PROMOCIÓN DA CAZA E DOS PRODUTOS LOCAIS”

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que o concelleiro-delegado de educación, turismo, comunicación, patrimonio e comercio vén de organizar unha nova edición da iniciativa “Rodeiro de tapas. X Xornadas de promoción da caza e dos produtos locais”, dada a gran acollida que tiveron as nove últimas edicións entre establecementos, veciños e visitantes. Participarán aqueles bares e restaurantes de Rodeiro que manifestaron a súa vontade de adherirse á iniciativa. O programa do concurso

desenvolverase en dúas fins de semana durante o mes de maio: 12, 13 e 14; e 19, 20 e 21. Os obxectivos principais da iniciativa responden á promoción da gastronomía local, a dinamización do sector hostaleiro local e á promoción turística e comercial do Concello.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases da iniciativa *“Rodeiro de tapas. X Xornadas de promoción da caza e dos produtos locais”*, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Aprobar o correspondente gasto, por importe máximo de DOCE MIL EUROS (12.000,00 €), imputable á partida presupostaria 330/226 do orzamento en vigor.

ANEXO

BASES RODEIRO DE TAPAS X XORNADAS DE PROMOCIÓN DA CAZA E DOS PRODUTOS LOCAIS

Póñense en marcha as décimas xornadas de tapeo, organizadas pola Concellaría de educación, turismo, comunicación, patrimonio e comercio do Concello de Rodeiro.

1. OBXECTIVOS

- 1.1 Dar a coñecer o potencial gastronómico do pobo de Rodeiro a través da promoción de produtos locais de recoñecida calidade: lácteos, carnes, caza, pan, ovos, etc.
- 1.2 Impulsar o sector hostaleiro local e o sector produtivo primario.
- 1.3 Consolidar esta iniciativa facer dela unha ferramenta de promoción turística, comercial e de desenvolvemento.
- 1.4 Converter Rodeiro en Destino turístico pola gastronomía, a paisaxe e a Historia.

2. O CONCURSO e CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

2.1 Nesta iniciativa participan aqueles bares e restaurantes do Concello de Rodeiro que así o desexen. O éxito dependerá, en gran medida, da presentación, elaboración, servizo e creatividade da tapa que cada hostaleiro presente. Deberán ter presente que o seu esforzo será recompensado coa mellora da imaxe do seu colectivo e o incentivo que supón a idea de chegar a un maior número de clientes.

2.2 O prazo para a inscrición levouse a cabo entre os días 04 ó 13 de abril de 2023.

2.3 O día 15 de abril, a chef Begoña Vázquez do Regueiro da Cova de Verín realizou unha visita a cada un dos locais, que tiñan preparada a súa tapa, para que esta mesma chef os asesorara nas melloras da tapa.

O día 22 de abril, a organización pasou a fotografar a tapa definitiva, a cal aparecerá no pasaporte do concurso.

2.4 Cada establecemento presenta ao concurso unha soa tapa.

DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

As datas que se propoñen para o desenvolvemento do concurso serán as seguintes:

A primeira fin de semana, o do 12 (dende a noite) 13 e 14 de maio.

A segunda fin de semana, o do 19 (dende a noite) 20 e 21 de maio.

Todas as tapas serán realizadas aproveitando os fantásticos produtos do concello.

Coincidindo coas datas de realización do concurso o Concello de Rodeiro promoverá a realización de eventos relacionados coa cultura e o patrimonio co fin de vincular a distintos sectores da vida municipal no obxectivo de impulsar as potencialidades do noso pobo.

2.5 Establécese un prezo fixo unitario de 2,50 €/tapa.

2.6 O Xurado conformarase preferentemente por xornalistas, cociñeiros, actores ou bloggers que darán conta das tapas e as súas valoracións, nun fin de semana de concurso. A designación dos integrantes do xurado profesional farase mediante acordo da Xunta de Goberno Local a proposta do Sr. concelleiro-delegado responsable do concurso.

2.7 Os establecementos comprométense a ter á disposición do público, e en cantidade suficiente, a tapa coa que participan durante os días de duración do evento e servirán as tapas entre as 13:00 h. e as 15:00 h. e entre as 19:00 h. e as 23:00 horas. Os establecementos poderán ampliar este horario, pero en ningún caso reduci-lo. Os establecementos que por algunha causa xustificada non poidan cumprir o horario establecido, deberán comunicarllo á organización.

2.8 Os establecementos deberán colocar nun lugar visible o material promocional e corporativo do concurso, para este fin entregaráselle a cada local un folleto coas bases, un plano coa ruta do tapeo e coa enumeración dos locais participantes, un cartel publicitario, unha furna e uns tacos de votación para que o público poida valorar a proposta feita por cada local.

2.9 Ademais, os establecementos participantes deberán:

- a) Selar a todos os clientes que o precisen, co seu correspondente selo na tarxeta de votación (ver apartado 5 destas Bases), logo de consumir a tapa específica do concurso.
- b) Dentro do establecemento, indicar e diferenciar de maneira visible na súa oferta a tapa que participen no concurso.
- c) Dar un informe final sobre o número e colaborar coa enquisa de valoración do evento que se realizará co fin de mellorar as futuras edicións do mesmo.

3. A TAPA

3.1 As tapas deberán empregar como ingredientes produtos de calidade da nosa terra, tratando a preparación de maneira tradicional ou ofrecendo unha cociña de novas tendencias pero mantendo as materias primas e o espírito da nosa gastronomía.

Na súa valoración terán especial consideración:

- A elaboración
- A presentación
- O sabor
- Orixinalidade/Usos produto local/Calidade do servizo

As tapas puntuaranse de 1 á 10 nos catro apartados anteriores, a que obteña a maior puntuación será a tapa gañadora e así sucesivamente, para o segundo e terceiro posto

Ademais na tapa que sexa elaborada con produtos procedentes da produción local valorarase especialmente a promoción e a innovación que se consiga a través da conxunción do sector produtivo primario e a hostalería, xa que logo entre os obxectivos do programa está poñer en valor o produto local de calidade e promocionalo. Esixirase como condicionantes os establecidos na base 2.4

4. PARTICIPANTES

4.1 Concursan os establecementos de hostalería que teñan o seu establecemento radicado dentro do termo municipal. Para os establecementos participantes crearáselle, de solicitalo, unha conta na web que permita a localización do seu negocio en Google Maps e un enlace á páxina web da iniciativa en Facebook, sen custe para eles. Neste sentido,

aproveitarase a infraestrutura existente das edicións pasadas, soamente para os interesados que desexen continuar participando.

Os establecementos participantes nesta X edición son os seguintes:

1. Casa Sánchez. "Maripuri"
2. Cabalos do Faro. "Pastel de carrilleira"
3. Casa Achacán. "Saturno"
4. Parrillada Maranteiro. "Laconada"
5. Bar Dacal. "O Nórdico"
6. Bar Desito. "Tostón relleno"
7. Pub Gallaecia. "Tortillaca!"
8. Bruxas e Coruxas. "Vedreira do fomo"
9. As Carpinteiras. "Marisa sin prisa"
10. A Esmorga. "Arepa Galega"
11. O Recanto. "Seruto de Río"
12. Restaurante A Latiza. "Palomo"

5. PREMIOS

Establécense dúas categorías de premios: premios do xurado profesional e premios do público.

5.1- O xurado profesional visitará Rodeiro nun dos días do concurso e determinarán a 1ª, 2ª e 3ª mellor tapa. Cós seguintes apartados:

TARXETA DE VALORACIÓN XURADO PROFESIONAL

NOME DO ESTABLECEMENTO	PRESENTACIÓN Puntuar de 1 a 10	SABOR Puntuar de 1 a 10	ELABORACIÓN Puntuar de 1 a 10	ORIXINALIDADE/USO PRODUTO LOCAL/CALIDADE DO SERVIZO Puntuar de 1 a 10

O premio do xurado profesional determinarase polo que obteña maior coeficiente resultante de dividir o número total de puntos obtidos nas votacións entre os membros do xurado. A de maior puntuación será a tapa gañadora e así sucesivamente, para o segundo e terceiro posto.

5.2 Modelos de cupóns de valoración do público.

TARXETA DE VALORACIÓN DO PÚBLICO (Anexo I)

- O premio do público determinarase polo coeficiente resultante de dividir o número total de puntos obtidos nas votacións entre as papeletas depositadas na uma. A mellor tapa será a que maior coeficiente acade como resultado desa división, determinando así a 1ª, 2ª e 3ª mellor tapa, sendo necesario contabilizar un mínimo de 100 cupóns do público.

6. PREMIOS XURADO PROFESIONAL AOS ESTABLECEMENTOS.

O establecemento gañador do concurso será premiado con:

Primeiro clasificado:

- Un (1) ano gratis de inscrición á Asociación de Empresarios do Deza (AEDeza).

Segundo clasificado:

- Seis (6) meses gratis de inscrición á Asociación de Empresarios do Deza (AEDeza)

Terceiro clasificado:

- Tres (3) meses gratis de inscrición á Asociación de Empresarios do Deza (AEDeza)

Os establecementos gañadores recibirán o diploma acreditativo correspondente e participará nas accións de publicidade que se realicen con posterioridade.

6.1 PREMIOS DO PUBLICO:

Pasaporte: (Anexo II)

Para acceder ao sorteo dos premios será imprescindible completar o pasaporte que se poderá atopar tanto nos establecementos como nas oficinas do concello. Inclúen un mapa dos locais, e o nome dos mesmos cun espazo para poñer o cuño do local visitado. Unha vez completado o pasaporte e con todos os datos cumprimentados (si non inclúen todos os datos, non será válido), depositarase na urna de calquera local participante. Os premios aos que se pode optar son os seguintes:

1. Sorteo de un lote de viños proporcionados pola Adegas Bilbaínas
2. Lote de viños por xentileza de Disanfá
3. Hotel Bañeiriño Mondariz (Iberik Hotels). Unha noite de aloxamento para 2 persoas, con almorzo e acceso a circuito termal.
4. Casa Ferreiro (Caurel). 1 noite de aloxamento para 2 persoas
5. Galicia Calidade, Establecemento a definir. 1 cea para 2 persoas
6. Hostal La Viuda (Trives). 2 menús "Fin de semana" para 2 persoas
7. Cuchillería Las Burgas. Maletín e 12 pezas de xogo de cubertos de VICTORINOX

Redes sociais:

Establecese tamén un premio especial para a persoa máis activa nas redes sociais co *Hashtag* #Rodeirodetapas2023 que axude na difusión do concurso:

- 1 noite para 2 persoas en establecemento por definir de Galicia Calidade

Papeletas de votación:

Cada establecemento terá un talonario. As papeletas terán que estar cubertas polo cliente cumprimentando todos os datos, de non ser así a papeleta non será contabilizada. Nela poderán valorar a tapa do 1 ó 5, e será depositada na urna. Poderán utilizar unha papeleta por tapa consumida. Cada papeleta debe ser depositada no local no que se consumiu a tapa, non se admiten como válidas as papeletas depositadas nunha urna distinta á do local no que se consumiu a tapa obxecto de valoración.

Entre todas papeletas, poderán optar mediante sorteo os seguintes premios:

1. Casa Agenor (Trives) Comida para dúas persoas.
2. Adegas Chao do Couso. 1 lote de viños.
3. Panadería Caneda. Lote de produtos
4. Talasoatlántico. 2 bonos de recorrido marino no talaso
5. Galicia Calidade. Lote de produtos
6. Caurelor. Lote de produtos
7. Adegas Entreosíros. Lote de viño
8. Casa Ferreiro. 1 comida para 2 persoas.
9. Avega. 1 cea para 2 persoas nun establecemento de Rodeiro
10. Cogal. 1 cea para 2 persoas nun establecemento de Rodeiro
11. Kalekoi. Lote de Produtos

Entre todos os cupóns de valoración do público realizarase un sorteo con varios gañadores.

Os premios serán uns lotes de produtos subministrado polos colaboradores da iniciativa.

Os premios caducarán aos trinta (30) días naturais a partires do sorteo, despois pasará a ser premiado ó 1º reserva de cada premio que entra no sorteo, polo tanto serán sacadas unha papeleta reserva por cada premio.

De conformidade co disposto Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os seus datos serán incorporados ao ficheiro denominado "Participantes en accións de promoción do emprego e desenvolvemento local" do que é responsable o Concello de Rodeiro, e serán tratados coa finalidade promover o desenvolvemento local a través da organización de actividades e a dinamización social. Poden exercer o seu dereito de acceso, rectificación ou cancelación ante o responsable do ficheiro.

O responsable do ficheiro é: alcalde do Concello de Rodeiro; Praza da Fonte, 2; 36530 Rodeiro; Pontevedra.

A data de entrega de premios aos establecementos gañadores e o sorteo dos gañadores entre o público participante realizarase nun acto conxunto e programado en coordinación cos negocios participantes.

6. PUBLICIDADE

6.1 Con esta nova edición de Rodeiro de tapas temos una magnífica oportunidade para dar a coñecer os produtos locais e incentivar a visita ao Concello, contribuíndo deste xeito a dinamización económica e social.

O paquete publicitario esténdese a dúas categorías "público" e "establecemento".

6.2 Establecemento.

A organización equipará a cada establecemento con carteis A3 con a publicidade do evento.

Cupóns de votación para os seus clientes, Pasaportes con plano da ruta de tapeo e localizadores en internet e urnas de cartón para o seu depósito.

Traballarase cos perfiles en redes sociais coa información detallada do evento (participantes, premios, tapas, localización, etc).

6.3 Público.

Cada cliente poderá votar en cada establecemento a súa valoración da tapa que degustou. Deberá completar correctamente a información persoal requirida no cupón de votación e deberá conter o selo de tres establecementos para ser considerado válido. De entre todos os participantes na valoración das tapas sortearemos uns lotes de produtos aportados polos colaboradores.

ANEXO I – TARXETA DE VALORACIÓN DO PÚBLICO



RODEIRO DE TAPAS
2023

NOME DO LOCAL E PUNTUACIÓN DA TAPA/CÓCTEL:

1 Punto 2 Puntos 3 Puntos 4 Puntos 5 Puntos

DATOS DO VOTANTE (OBRIGATORIO)

Nome e Apellidos DNI Poboación

Teléfono E-mail

* Só terán validez aqueles votos que teñan cumprimentados todos os datos persoais que se requiren á votante, que só poderá exercer un voto por local cunha única puntuación sinalada. Todos os votantes que non cumpiran estas condicións quedarán invalidados de cara ó concurso.

Os datos recollidos nos ficheiros informatizados do Concello de Rodeiro a partir dos facilitados por vostede, son confidenciais e só poderán ser empregados para o envío de información en relación coa súa solicitude.

O usuario pode en calquera momento en conformidade co establecido pola Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición solicitándoo por correo electrónico a info@rodeiro.org ou telefonicamente no número +34 986 790 321

ANEXO II – PASAPORTE



**X ANIVERSARIO
RODEIRO
DE TAPAS
2023**
12, 13, 14 E
19, 20, 21 DE MAIO

1. REST. A LATIZA
2. CASA SÁNCHEZ
3. CABALOS DO FARO
4. CASA ACHACÁN
5. PARRILLADA MARENTEIRO
6. BAR DACAL
7. CAFÉ BAR DESITO
8. CAFÉ PUB GALLAECIA
9. BRUXAS E CORUXAS
10. AS CARPINTEIRAS
11. A ESMORGA
12. BAR O RECANTO

Nome _____
Poboación _____
Teléfono _____
D.N.I. _____

O pasaporte deixárase nas urnas de calquera dos locais participantes, unha vez completado.



SELOS

1. Rest. A Latiza Ctra. General km. 12 H: 19.00-23.00h	2. Casa Sánchez Av. Lalin-Monforte 44 H: 13.00-15.00/ 19.00-23.00 h	3. Cabalos do Faro Rúa A 50 H: 13.00-15.00/ 19.00-23.00 h
4. Casa Achacán Lugar de Achacán 2 H: 13.00-15.00/ 19.00-23.00 h	5. Mesón Marenteiro Adelan, 8 H: 19.00-23.00h	6. Bar Dacal Adelan, 7 H: 9:00 a 00:00h
7. Café bar Desito Av. Lalin-Monforte 18 H: 07:30-00:00	8. Café pub Gallaecia Rúa B 10 H: 13.00-15.00/ 19.00-23.00	9. Bruxas e Coruxas Rúa A 27 H: 19.00-23.00h
10. As Carpinteiras Av. Lalin-Monforte 36 H: 07:00-23:30	11. A Esmorga Rúa A 6 H: 08:00-01:00	12. Bar O Recanto Rúa 15 H: 08:00-02:00

TAPAS

1. Palomo	2. Macizón	3. Pastel de Carillón
4. Saltado	5. Lacónado	6. O rúndico
7. Tostón relleno	8. Tortillada	9. Vebosa do forno
11. Marisco sea prisa	12. Arepa gallega	13. Serro de río

Colabora:

Organiza:

CONCELLO DE RODEIRO

3.- DESIGNACIÓN DOS INTEGRANTES DO XURADO PROFESIONAL DO CONCURSO “RODEIRO DE TAPAS. X XORNADAS DE PROMOCIÓN DA CAZA E DOS PRODUTOS LOCAIS”

De conformidade co establecido nas Bases aprobadas por este órgano, a Xunta de Goberno Local, a proposta da Sr. concelleiro-delegado de educación, turismo, comunicación, patrimonio e comercio, e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda designar aos seguintes integrantes do xurado profesional do concurso “Rodeiro de Tapas. X Xornadas de promoción da caza e dos produtos locais”:

PRESIDENTE:

- Emilio Vila Rodríguez, blogueiro gastronómico (Cocina&Go)

VOGAIS:

- Rogelio Santos Queiruga, divulgador de produtos do mar, pescador e colaborador da TVG.
- Enrique Morales Ferro, xornalista.
- Élida Rey Vaca, blogueira (EnxebreWorld).
- Conchi Zúñiga González, blogueira (Cocinando Setas).
- Isabel Crespo Feáns, instagramer.

Suplentes:

- Rubén Vilanova Aragunde, blogueiro (EnxebreWorld).
- Adriana Lomba, blogueira gastronómica (Cocina&Go).

SECRETARIO (con voz e sen voto):

- José Manuel García Barreiro, xornalista gastronómico e coordinador do concurso.

4.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María Lara Hermida Fernández, traballadora laboral fixa do Concello na praza de traballadora

social, ten solicitado o goce da súas vacacións correspondentes aos anos 2021 e 2022 (pendentes por mor da situación de baixa por IT). Xa que logo, existe a necesidade de proceder á contratación urgente dun/ha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto os servizos sociais comunitarios correspóndense cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urgente e inaprazable, estando por outra parte financiado parcialmente pola Consellería de Política Social, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, manifesta que o posto a cubrir é especialmente sensible, polas características dos eventuais usuarios (dependentes, terceira idade, menores, etc.) e dos servizos que presta, polo que se precisa dun traballador que coñeza con anterioridade o funcionamento do servizo; circunstancia que cumpre a persoa proposta por ter traballado nese posto de traballo en ocasións anteriores, sendo perfecta coñecedora dos trámites e procedementos que se desenvolven no Departamento de Servizos Sociais.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como traballadora social, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ NATALIA SALGADO RODRÍGUEZ, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (20 horas/semana), entre os días 3 de maio e 15 de

xuño de 2023, ambos inclusive, en substitución de María Lara Hermida Fernández.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA XUDICIAL

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que con data 19 de abril de 2023 a Sección segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou sentenza, en autos de recurso de apelación núm. 0004380/2022, co fallo que deseguido literalmente se transcribe: *“PRIMERO.- Que debemos desestimar el recurso de apelación interpuesto por Diputación de Pontevedra, representada por la Procuradora Doña Laura Carnero Rodríguez y asistida por el Letrado de sus servicios jurídicos Don Bernardo Sartier Boubeta contra la sentencia dictada por el Juzgado Contencioso Administrativo número 1 de Pontevedra de fecha 13 de septiembre de 2022 derivado del procedimiento ordinario núm. 142.2021. SEGUNDO.- Procede la imposición de costas procesales a la parte apelante con el límite de 1000 euros por todos los conceptos”*.

Infórmase asemade que dita sentenza non é firme en canto cabe interpoñer contra ela recurso de casación ante a Sala Terceira do Tribunal Supremo ou ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sempre que se acredite interese casacional.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MANUEL NÚÑEZ FIUZA 242,00 €
Por publicidade institucional do Concello no diario “El Periódico de Lalín e comarca”, s/factura núm. 0336-23.
- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 209,40 €
Por subministro de material informático para o Concello, s/factura núm. 23072.

- FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS 97,48 €
Por cota anual de afiliación á federación, s/factura núm. 1241 (FACe).
- EBOS RAMÓN AGOLADA S.L. 192,93 €
Por subministro de roupa para voluntario da AVPC, s/factura núm. Z/127.
- ALFONSO RIVAS CARDELLE 2.515,54 €
Por traballos de reparación de vehículo municipal, s/factura núm. 605.
- MANUEL JORGE ALBOR 886,93 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 34.
- GSI DOTACIÓN INDUSTRIAL S.L. 159,12 €
Por reparación de máquina de limpeza do pavillón polideportivo municipal, s/factura núm. FAC4687 (FACe).
- ASOCIACIÓN EDUCATIVA NA NATUREZA EMOCIONARTE 1.600,00 €
Por organización de campamento de Entroido, s/factura núm. 15.
- AGROFORESTAL XANEIRO S.L. 1.863,40 €
Por traballos de limpeza de camiños municipais en Farán, Suíme e Mourigás, s/factura núm. S-143.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)